

NOTA DE PRENSA

Este encontro chega á súa 22ª edición e celebrarase entre o 16 e o 18 de novembro en Betanzos

Máis de 100 profesionais da psicoloxía e da saúde participarán nunhas xornadas arredor do estrés

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017.- O 16 de novembro dará comezo a vixésimo segunda edición das Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde que neste ano se centran no estrés e o impacto nel do factor comunitario. Por primeira vez, celebrarase este importante encontro profesional de carácter autonómico no concello coruñés de Betanzos, no edificio Liceo, e que durante os tres días que duran acollerá a máis dun cento de psicólogos e psicólogas do ámbito da saúde.

"Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés desde o comunitario" é o suxestivo título desta edición, que pretende convidar á reflexión sobre como afecta á saúde das persoas o modelo de organización comunitario actual e ao mesmo tempo, dar voz a colectivos de persoas usuarias e traballadoras de diferentes contextos. Estas Xornadas contan co apoio do Concello de Betanzos e da Asociación de Comerciantes deste municipio coruñés.

"Un psicólogo clínico bastante célebre foi contratado nunha empresa para facer talleres grupais de manexo do estrés cos empregados; no seu primeiro día tratou de que as persoas do grupo identificasen as situacións que lles xeraban estrés para que puidesen cambialas. Ao terminar a sesión grupal despediron o psicólogo porque a empresa ao parecer entendía que 'xestionar o estrés' era algo diferente ao que entendía este psicólogo. O noso obxectivo nas xornadas é aproximarnos ao fenómeno do estrés da mesma maneira ca este psicólogo", explicou na presentación esta mañá Carlos José Losada López, especialista en psicoloxía clínica e presidente o comité científico.

A psicóloga clínica Lidia Sánchez Edreira, presidenta do comité organizador, quixo significar que "máis alá de que as Xornadas da Sección son un encontro científico arredor dunha temática determinada, neste caso, o estrés, son tamén un evento anual de confraternidade entre profesionais, por iso está tamén programada unha visita guiada polo casco histórico de Betanzos e unha cea, para propiciar o contacto entre profesionais e o intercambio nun ambiente máis distendido".

O psicólogo e presidente do Observatorio da Infancia e a Familia en Menorca, Vicenç Arnaiz, impartirá o obradoiro na tarde do xoves 16 no que abordará a crianza nos primeiros anos e as novas realidades, dificultades e oportunidades. Trátase de dar a coñecer as dificultades actuais ás que se enfrontan as familias contemporáneas, e os recursos e as estratexias útiles desde o enfoque comunitario, reflexionando sobre por que é precisa a tribo enteira na educación, como di o proverbio africano, e como isto entra en conflito cos cambios nas estruturas sociais e culturais que se produciron nas últimas décadas que obrigaron a modificar as prácticas da crianza.

A escolla desta temática débese a que como profesionais da psicoloxía clínica véñense observando que moitos dos problemas que traen as persoas usuarias á consulta non se resolven unicamente a través de psicoterapia ou de psicofármacos, senón que son resultado dun modelo concreto de organización comunitaria: factores culturais, políticas económicas, sociais e

sanitarias e xestión de recursos. Isto implica que moitas persoas se ven afectadas polo estrés con importantes repercusións na súa saúde e nos seus proxectos vitais. O desemprego ou a precariedade laboral afectan non só á economía e á calidade de vida, senón tamén a proxectos vitais como a maternidade.

Programa científico

O venres 17 ás 10:30 será o momento no que se revise o "estado social da Nación", a través da intervención de Gustavo Adolfo García Herrero, coordinador do Informe sobre o Estado Social da Nación e do Índice DEC de Desenvolvemento dos Servizos Sociais en España que elabora a Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais.

Previamente a esta conferencia inaugural será a quenda de presentar dúas actividades internas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG: en primeiro lugar, o último número do Anuario de Psicoloxía e Saúde, publicación que neste décimo volume se centra no dano; e a actividade de tres grupos de traballo interno, centrados en psicoloxía clínica en atención primaria, neuropsicoloxía e trastorno mental grave.

Pechará a mañá a primeira das mesas da xornada, que se centrará en muller e infancia. Por unha banda, o psicólogo menorquino Arnaiz Sancho intervirá co relatorio "Da socialización da infancia á socialización da crianza", mentres que a psicóloga clínica Raquel E. San José se centrará en menores en situación de risco ou desamparo, tras a súa intervención no programa "Avaliación e Tratamento Terapéutico de Menores en Situación de Risco ou Desamparo".

Xa na tarde do venres, a muller e o estrés ao longo das súas diferentes etapas vitais será obxecto de análise por parte de Lola Ferreiro Díaz, catedrática de Procesos Sanitarios e responsable da elaboración, coordinación e desenvolvemento de Programas de Saúde Pública desde a perspectiva de xénero. Continuará a psicóloga clínica Felisa Balboa, do Centro de Información á Muller de Vigo, que abordará o machismo na nosa sociedade. Á continuación a concelleira de Políticas Sociais de Santiago de Compostela e psicóloga, Concepción Fernández, falará sobre a atención ás persoas sen teito neste municipio, mentres que para pechar a tarde se achegarán á realidade do estrés en Nicaragua, grazas á psicóloga Tamara Rego, coordinadora do Proxecto de Fortalecemento da Rede de Saúde Mental do Departamento de Estelí no país centroamericano.

Na xornada do sábado continuarase coa intervención comunitaria, primeiro divulgando o programa radiofónico "Radio Prometea", un magazine dedicado á temática de saúde mental, coidados e dereitos das persoas no eido da saúde mental; para continuar despois co relatorio do psicólogo clínico Gonzalo Martínez Sande, que intervirá con "As comunidades psi neste mundo en crise". Pechará o educador social Roberto Casteleiro Bouza que abordará o estrés nas persoas con discapacidade intelectual. Casteleiro é coordinador do proxecto artístico, transformador e pedagóxico Naranja Imaginario, centrado na música electrónica, as novas tecnoloxías e a participación, en concreto, un grupo de música electrónica e de creación contemporánea formado por persoas con discapacidade intelectual.

A conferencia de clausura correrá por conta do psicólogo clínico na área sanitaria de Ferrol, Amador Estévez Serantes, que impartirá un relatorio baixo o título "Estrés arte-sano". O sábado tamén se presentarán as comunicacións libres e pósteres que poden ser remitidas polos colexiados e colexiadas en que aborden calquera temática relacionada coa psicoloxía clínica. As mellores, tanto en formato oral como escrito, recibirán un bono formación da Sección de Psicoloxía e Saúde por valor de 200 euros, ademais de publicarse no vindeiro número do Anuario de Psicoloxía e Saúde de 2018.

As Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde son o encontro científico de maior antigüidade organizado polo COPG, desde as primeiras celebradas en 1996, que buscan promover o intercambio de experiencias e coñecementos desta área entre o colectivo profesional da psicoloxía e da saúde, así como promover a actualización científico-técnica en materias específicas. Esta iniciativa impulsada polo COPG está recoñecida como unha Actividade de Interese Sanitario por parte da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, e solicitada como actividade de formación continuada. Vai dirixida a psicólogas e psicólogos colexiados; estudantes de psicoloxía e outros/as profesionais interesados na temática a tratar.

Se desexan solicitar entrevistas para ampliar a información, contacten co departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal